



## **CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACCIONS DE INSERCIÓN LABORAL DE INMIGRANTES.**



O pasado 7 de xuño se publicou no DOG a orde de 27 de maio de 2010 pola que se regulan a concesión de subvención, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización das accións incluídas dentro dun itinerario integrado de orientación laboral e de mellora da empregabilidade, dirixidas a promover a acollida, a integración e o esforzo educativo das persoas inmigrantes.

Estas accións van dirixidas á poboación inmigrante, desempregada inscrita como demandante de emprego ou ben ás persoas ocupadas. Polo menos o 30% das persoas beneficiarias deberán ser perceptoras de prestacións ou subsidios por desemprego, a excepción daqueles programas cuxos participantes sexan na súa totalidade persoas perceptoras da RAI ou RISGA.

As entidades beneficiarias que poderán acceder á subvención son as entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos e as corporación locais.

Os programas deberán establecer obxectivos de inserción laboral cuantificados de, polo menos, un 10% das persoas demandantes de emprego atendidas durante o programa. Considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando durante a vixencia do programa a persoa en situación de desemprego sexa contratada por conta allea por unha duración mínima de 6 meses, ou 1 ano, no caso de traballadores o traballadoras autónomos.

As solicitudes se presentarán segundo o modelo oficial (Anexo I) desta orde. O prazo de presentación será dun mes, dende o día seguinte ao da publicación no DOG (último día do prazo o mesmo ordinal do día da publicación, 7 de xullo).

A contía da subvención poderá alcanzar o 100% do custo do programa, sendo posible realizar pagamentos anticipados: de ata un 80% da subvención concedida, cando o importe non supere os 18.000 €, e dun 10%, cando supere os ditos 18.000 €.

O prazo de execución dos programas e de xustificación de tódolos gastos será ata o 30 de novembro de 2010, e a data da liquidación final da subvención é ata o 10 de decembro de 2010.

Para máis información consultar na páxina web oficial <http://traballoebenestar.xunta.es/>.



## **SUBVENCIONS A PEMES PARA IMPLANTAR MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL.**

A Consellería de Traballo e Benestar ven de publicar na Orde 14 de maio as bases reguladoras para a concesión das subvencións a pemes, para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Nas liñas de actuación en materia de RSE recollidas no acordo e destinadas ás empresas atópanse:

- o fomento da formación
- da transparencia informativa
- impulso da implantación nas empresas de sistemas de xestión
- a melloras das condicións laborais dos traballadores e traballadoras
- a promoción dos valores da RSE
- a creación de liñas de axuda.

O obxecto desta Orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas dirixidas á realización dun proxecto para a implantación de medidas de responsabilidade social nas pequenas e medianas empresas (*pemes*).

Poderán ser beneficiarias as empresas privadas con domicilio social e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que reúnan as seguintes condicións:



- non superar os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.
- contar cun número igual ou superior a 5 e inferior a 250 persoas traballadoras.
- estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto.

A actividade subvencionable consistirá na realización dun proxecto para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial que debe comprender:

1. Unha análise ou diagnóstico sobre a situación actual da empresa en materia de RSE.
2. A elaboración dun plan en que se recolla a implantación na empresa de novas medidas de RSE.
3. Un compromiso de implantación.
4. A comunicación e difusión das medidas que a empresa se compromete a implantar.

A contía das axudas previstas consistirá no 100% dos gastos debidamente xustificadas para a realización do proxecto, co límite de 8.000 euros por beneficiaria.

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas rematará o 1 de xullo de 2010.



## **PROGRAMA DE INCENTIVOS A EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL.**

Na Orde de 26 de maio de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar establécense as bases reguladoras do programa de incentivos e empresas de inserción laboral para o ano 2010.

Estas empresas teñen a finalidade de promover a inserción sociolaboral de persoas en risco de exclusión social e para acceder as axudas deberán estar inscritas no rexistro habilitado a tal efecto pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

A tales efectos considéranse factores de exclusión a discapacidade, a condición de persoa en proceso de rehabilitación e socialización normalizada, a situación de cargas familiares non compartidas, a condición de inmigrante ou emigrante retornado, a condición de persoa sen fogar, a procedencia de institucións de protección ou reeducación de menores, a condición de muller vítima de violencia de xénero, a pertenza a minorías étnicas e calquera outro factor non enumerado que sexa considerado por servizos sociais. Tamén se inclúen neste grupo as persoas que perciban renda de integración, aquelas que non a perciban por motivos determinados, as persoas desempregadas de longa duración e os que perciban a renda activa de inserción.

Serán subvencionables as seguintes actuacións: a contratación de persoas en situación de risco, a contratación de xerentes ou técnicos de xestión e acompañamento, as accións de mediación no mercado laboral para a contratación de persoas en risco de exclusión, a formalización de préstamos e a creación e ampliación do cadro de persoal das empresa de inserción.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 8 de xullo de 2010 e para mais información consultar o texto íntegro da Orde no seguinte enlace: <http://traballo.xunta.es/contenidos/gl>



## **O IGAPE PROMOVE AS NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS A TRAVÉS DE INNOEMPRESA, O PLAN RE-FORZA E XES-INNOVA XOVE.**

Innoempresa, con 6 millóns de €, o Plan re-forza, que acelera nun 54% os pagamentos das axudas e Xes-Innova Xove, cun fondo de risco de 2 millóns, promoven as novas iniciativas empresariais.

Os novos empresarios innovadores poderán dispor de préstamos participativos públicos como apoio para o financiamento dos seus proxectos a través do novo fondo Xes-Innova Xove, segundo adiantou o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, durante a súa intervención na sesión plenaria do Día do Emprendedor de Galicia o pasado 16 de xuño.

A nova liña de financiamento vaise impulsar mediante un convenio entre Xesgalicia, sociedade dependente da Consellería de Economía e Industria, e a Federación de Galega de Xóvenes Empresarios (Fegaxe), que se ocupará de localizar proxectos susceptibles de ser apoiados habilitando para iso un novo fondo de capital risco, o Xes-Innova Xove, dotado de 2 millóns de euros, que impulsen o financiamento de novos proxectos, “especialmente os promovidos por novos empresarios innovadores”.

Entre os obxectivos prioritarios do Plan re-Forza 2010 está o de promover a creación de novas empresas e a consolidación das existentes. Así, a través do novo programa re-Emprende xestionado polo Igape, se reforza a súa aposta para procurar que ningunha iniciativa viable quede sen poñer en marcha por falta de financiamento adecuado. Este programa regula as subvencións –entre o 15 e o 40%- a proxectos de creación de pequenas e medianas empresas, ou de realización de investimentos en novas pemes promovidos por novos emprendedores.

Mediante o programa re-Emprende, a Consellería de Economía e Industria pre financiará, a través do Igape e mediante a concesión de anticipos sen aval do 50% da anualidade da subvención concedida, os proxectos viables de novos emprendedores que impulsen investimentos de ata 1.500.000 euros. Coa concesión de anticipos e pagos a conta sen requirir garantías aos beneficiarios, o Goberno galego busca facer fronte ás dificultades que atopan habitualmente os novos emprendedores para acadar financiamento nas entidades de crédito.

Para impulsar as súas iniciativas empresariais, os novos emprendedores galegos poden atopar no Igape outros instrumentos de financiamento como os préstamos subsidiados e avalados –entre 25.000 e 120.000 euros- regulados no programa re-imaXina, ou as participacións vía capital risco a través de fondos como o Emprende, que xestiona Xesgalicia, a sociedade xestora dos fondos da Xunta de Galicia.

O Plan re-Forza supón a aplicación dun novo modelo de xestión interna no Instituto dependente da Consellería de Economía e Industria, coa incorporación de novas medidas orientadas á axilización da xestión e dos procesos necesarios para o estudo, avaliación, resolución das axudas e correspondente pagamento ás empresas galegas.

Este novo modelo ten como eixos fundamentais fomentar e impulsar a competitividade e a internacionalización do tecido empresarial galego. A aposta decidida da Xunta de Galicia pola internacionalización da peme galega ten un claro reflexo nos presupostos do Igape para o ano 2010 (o orzamento sube un 56%).

Durante os 5 primeiros meses do ano o novo modelo de xestión do Igape fixo que as solicitudes de axuda resoltas se incrementaran nun 63% con respecto ao mesmo período do ano 2009, pasando de 2.711 solicitudes resoltas ata ás 4.431. E que o tempo medio de resposta para unha solicitude pasou de 130 días no 2009 a que neste ano 2010 non superara os 108 días.

O Plan re-Forza do Igape para 2010 considera igualmente prioritario incrementar o pulso orzamentario no que se refire á competitividade empresarial a través da mellora do capital organizativo das pemes. Así, a capacidade orzamentaria para axudas do IGAPE incrementouse neste ano en 39,9 millóns de euros, pasando dos 306 millóns do 2009 aos 345,9 millóns no 2010.

O Programa Innoempresa, xestionado igualmente polo Igape, inclúe medidas dirixidas a incrementar a capacidade innovadora das pequenas e medianas empresas como medio para aumentar a súa competitividade.

En virtude das [bases da convocatoria](#) publicadas no Diario Oficial de Galicia, o Igape poderá realizar pagamentos adiantados do 50% das axudas concedidas ao abeiro desta liña sen requirir garantías aos beneficiarios. O prazo de presentación das solicitudes, que se resolverán polo sistema de concorrencia competitiva, e de corenta días naturais a contar desde o 29 de maio de 2010.



Para promover a mellora da competitividade e a reorientación, se fose conveniente, dos negocios, o Igape dispuxo dunha liña dotada con 8,3 millóns de euros para impulsar, entre outras accións, os investimentos tecnolóxicos ou os investimentos en equipamentos para empresas do sector servizos. Ademais, neste mesmo ámbito estratéxico, o Igape destina este ano 3,1 millóns de euros para apoiar melloras de competitividade a través da cooperación, ao abeiro de proxectos colectivos. Deste xeito, contando o programa innoempresa, as achegas orzamentarias da Consellería de Economía e Industria para apoiar melloras de competitividade das empresas galegas suman este ano 17,4 millóns de euros.

Fonte: [www.igape.es](http://www.igape.es)



## A REFORMA DO MERCADO DE TRABAJO.

O Goberno a través do Real Decreto- lei 10/2010, de 16 de xuño dispón as medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo español.

Ante a situación económica mundial na que nos atopamos o Goberno nacional puxo en marcha unha serie de medidas que teñen como obxectivos fundamentais reducir a dualidade do mercado laboral, reforzar os instrumentos de flexibilidade interna no desenvolvemento das relacións laborais e elevar as oportunidades das persoas desempregadas.

Das presentes medidas deterémonos nas seguintes por ter un carácter determinante polas súas modificacións:

### - Medidas para reducir a dualidade e a temporalidade do mercado de traballo

As presentes medidas abarcan os contratos temporais, os contratos indefinidos e a extinción do contrato de traballo.

1. *Contratos temporais*: Engádesse unha serie de limitacións aos contratos temporais a través das cales o contrato do traballador adquirira a condición de indefinido. Deste xeito os traballadores que nun período de 30 meses estiveran contratados durante un prazo superior de 24 meses, para o mesmo ou diferente posto de traballo coa mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dous ou mais contratos temporais, adquirirán a condición de traballadores fixos. No caso dos contratos por obra e servizo a limitación estará nos 3 anos, ampliable a 12 meses mais dependendo do convenio colectivo polo que se rexa.

Por outra banda a indemnización pola finalización dos contratos temporais tamén esta suxeita a modificacións, ampliándose ata 12 días de modo gradual no tempo.

2. *Extinción do contrato de traballo*: Abarca unha nova concepción sobre o despido colectivo, onde a extinción do contrato de traballo poderá estar fundada en causas económicas, técnicas, organizativas e de produción nun período de 90 días afectando polo menos a: 10 traballadores nas empresas que ocupen menos de cen, o 10% do número de traballadores naquelas que ocupen entre 100 – 300 traballadores, e 30 traballadores nas empresas de 300 e máis traballadores. Este tipo de despido tamén pode abarcar a totalidade do equipo sempre que sexa unha cesión total da actividade e o número de traballadores afectados na cesión sexa superior a 5.

3.- *Contrato do fomento da contratación indefinida*: Tipoloxía de contrato que abarca a colectivos específicos como traballadores desempregados inscritos nas oficinas de emprego con condicións específicas, e traballadores que estiveran contratados baixo un contrato temporal e transformárase en indefinido. A contía da indemnización da extinción dos presentes contratos será de 33 días do salario por ano de servizo.

### - Medidas para favorecer o emprego da mocidade e das persoas desempregadas

A presente medida dálle un peso específico aos contratos formativos, diferenciando entre contratos de traballo en prácticas e os contratos para a formación.

Poderán ser beneficiarios dun *contrato de traballo en prácticas* aqueles que estivesen en posesión do título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, dentro dos 5 anos seguintes a finalización dos correspondentes estudos. Co presente posto o traballador obterá as prácticas profesionais adecuadas o nivel de estudos cursado e a duración dos contratos abarcará dende os 6 meses ata os 2 anos. A retribución dos traballadores non poderá ser inferior ao 60 ou ao 75 por cen no primeiro ou segundo ano do salario fixado no convenio para un traballador que desempeñe o mesmo posto ou equivalente.



Por outra banda posúe unha importante cabida na presente medida os *contratos para a formación*, os cales, teñen como obxecto proporcionar a adquisición da formación teórico e práctica necesaria para o desempeño adecuado dun oficio ou dun posto de traballo que requira un determinado nivel de cualificación e se limita a traballadores entre 16 – 21 anos, ampliándose no caso do alumnado – traballador das escolas de oficios obradoiros de emprego e casas de oficio. A duración dos contratos poderán abarcar dende os 6 meses ata os 2 anos, e o salario variará entre o primeiro e o segundo ano, tendo sempre como base mínima o salario mínimo interprofesional. A acción protectora da Seguridade Social do traballador contratado comprenderá tódalas contingencias, situacións de protección e prestacións. Neste senso o alumnado traballador das EO e OE quedan excluídos no que a prestación por desemprego se refire.

A súa vez na presente medida tamén se estipulan as bonificacións destinadas as empresas que teñen dereito pola contratación indefinida ou pola contratación para a formación, en cuxo caso recomendamos que analicedes detidamente o texto se vos atopades nesa situación.

As outras dous medidas tratadas na presente reforma son aquelas que teñen como fin:

- Favorecer a flexibilidade interna negociada nas empresas e fomentar o uso da redución da xornada como instrumento de axuste temporal do emprego.
- Mellorar a intermediación laboral sobre a actuación das empresas de traballo temporal.

En xeral podemos afirmar que as modificacións son moitas e abertas a posibles cambios polo que vos recomendamos que analicedes vos mesmos ditos cambios dependendo da vosa situación persoal. Para elo deixamos a vosa disposición o presente link para que poidades analizar a presente lei :

<http://www.boe.es/boe/dias/2010/06/17/pdfs/BOE-A-2010-9542.pdf>

